



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Informática de Xestión e do coñecemento	Código	662G01008	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información			
Coordinación	Ramos Montes, Oscar	Correo electrónico	oscar.ramos@udc.es	
Profesorado	Ramos Montes, Oscar	Correo electrónico	oscar.ramos@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A finalidade desta materia é adquirir as competencias xenéricas en Tecnoloxías da Información e a Comunicación para traballar e estudar en rede. Así mesmo, poranse en práctica estratexias de aprendizaxe, de traballo e de estudo nunha contorna virtual a partir da adquisición dunha serie de habilidades co uso das TIC.			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none">- Sesión maxistral (en formato seminario ou titoría)- Traballos tutelados- Prácticas a través das TIC <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none">- Proba obxectiva (non se realizará, xa que a avaliación destes coñecementos incorpóranse ás metodoloxías dos ?Traballos tutelados? e "Prácticas a través das TIC") <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none">- Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.- Moodle: Diariamente. Segundo as necesidades do alumnado. Dispoñen de ?foros de FAQs temáticos" asociados aos módulos para formular e dar respostas ás consultas necesarias.- Teams: 1 sesión semanal en grupo para o avance dos contidos teóricos-prácticos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade, cunha duración axeitada ao medio. 1 sesión semanais en pequeno grupo de titorías, para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados? e "prácticas a través das TIC". Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado ás necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia. <p>4. Modificacións na avaliación</p> <ul style="list-style-type: none">- Traballos tutelados (40%)- Prácticas a través das TIC (60%) <p>Os criterios de avaliación de cada traballo ou práctica estarán dispoñibles na plataforma Moodle.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Segundo a participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opcións:</p> <ul style="list-style-type: none">- Opción A. Para ou alumnado que asiste/participa nas actividades de clase: Traballos tutelados e prácticas. Entenderase que o alumno opta por esta opción ao asistir ás tutorías ou ao entregar algunhas das prácticas ou traballos propostos na clase. A cualificación final da materia obterase da ponderación dos traballos tutelados (40%) e prácticas a través de TIC (60%). Aquelas partes que teñan unha cualificación inferior a 3,5 puntos deberán ser repetidas en xullo (2ª oportunidade) independentemente da media obtida. Así mesmo, o alumno quedará liberado na convocatoria de xullo (2ª oportunidade) das partes aprobadas na 1ª oportunidade.- Opción B. Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DOS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3.b e 4.5) (29/5/212): adóptanse as mesmas condicións que na opción A. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none">- Non se realizarán cambios. Disponse de todos os materiais de traballo da maneira dixitalizada en Moodle.
-----------------------------	--



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A12	Dirixir e xestionar (management) os distintos tipos de entidades turísticas.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A20	Coñecer o procedemento operativo do ámbito de aloxamento.
A24	Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico.
A32	Detectar necesidades de planificación técnica de infraestruturas e instalacións turísticas.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A12	B1	C1
Adquirir un estilo de comunicación virtual no marco dunha comunidade de aprendizaxe.	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
			C8
Integrar a planificación e a organización como habilidades de estudo e traballo colaborativo na contorna virtual da UDC.	A12	B1	C1
	A13	B2	C2
	A20	B3	C3
	A24	B4	C4
	A32	B5	C5
		B6	C6
		B7	C7
		C8	



Adquirir habilidades de traballo en equipo en contornas virtuais.	A12 A13 A20 A24 A32	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Adquirir habilidades de análises, tratamento e interpretación da información dixital.	A12 A13 A20 A24 A32	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Adquirir habilidades de elaboración e estruturación da información dixital.	A12 A13 A20 A24 A32	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8
Adquirir habilidades de presentación da información dixital e multimedia.	A12 A13 A20 A24 A32	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7	C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Módulo I. Fundamentos da informática.	A. Codificación da información. B. Hardware. C. Software. D. Redes de computadores: Internet.



<p>Módulo II. Competencias Tecnolóxicas: Xeración de Contidos Multimedia</p>	<p>A. Edición de texto: aspectos avanzados.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Estilos. - Seccións. - Encabezados e pés de páxina. - Notas ao pé, citas e bibliografía. - Táboas de contido. - Índices. - Comentarios ao documento. - Seguimento, cambios e comparar documentos. <p>B. Proceso e deseño de presentacións eficaces.</p> <p>C. Edición de Imaxe</p> <ul style="list-style-type: none"> - Imaxe dixital: características e tipos. - Toma fotográfica: conceptos básicos. - Imaxe na web 2.0: dereitos de autor. - Ferramentas de edición de imaxe. <p>D. Edición de vídeo</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vídeo dixital: características e formatos. - Ferramentas de edición de Vídeo <p>E. Edición de Audio</p> <ul style="list-style-type: none"> - Audio dixital: características e formatos. - Ferramentas de edición de Audio. - Podcast.
<p>Módulo III. Xestión e difusión de Contido Web.</p>	<p>A. Web 2.0.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Características da Web 2.0. - Aplicacións: Blogs, wikis, Xeorreferenciación (mapas). - Etiquetaxe social. Nubes de palabras. - Sindicación ou subscrición RSS. - Comentarios e valoracións dos usuarios. - Redes sociais. - Licenzas Creative Commons. <p>B. Xestores de Contido (CMS)</p> <ul style="list-style-type: none"> - Creación e xestión de Blogues (Wordpress).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	24	36	60
Traballos tutelados	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	3	41	44
Prácticas a través de TIC	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	30	40



Proba práctica	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	3	0	3
Proba obxectiva	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Traballos tutelados	En torno aos diferentes temas proporase a realización de traballos individuais que se iniciarán na aula e que logo deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.
Proba práctica	Proba na que se busca que o alumno desenvolva total ou parcialmente algunha práctica que previamente tivese feito durante as clases prácticas. A proba práctica pode incluír previamente a resolución dunha pregunta/problema que teña como resultado a aplicación práctica dunha determinada técnica ou práctica aprendida.
Proba obxectiva	<p>Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe. Constitúe un instrumento de medida, elaborado rigorosamente, que permite avaliar coñecementos, capacidades, destrezas, rendemento, aptitudes, actitudes, intelixencia, etc.</p> <p>A Proba obxectiva pode combinar distintos tipos de preguntas: resolución de casos prácticos, preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. Tamén se pode construír con un só tipo dalgunha destas preguntas.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbense como momentos de traballo presencial co profesor, polo que implican unha participación obrigatoria para o alumnado.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p> <p>O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia terá a posibilidade de contactar co profesor usando os métodos en liña habituais: moodle, correo electrónico e ferramentas 2.0.</p>



Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliación dunha serie de traballos relacionados cos contidos prácticos da materia. En relación cos traballos tutelados valorarase: A profundidade e rigor do contido. O tratamento orixinal e imaxinativo. A utilización de ferramentas complementarias.	40
Proba obxectiva	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A proba obxectiva consistirá no desenvolvemento de varias cuestións de carácter teórico que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	30
Proba práctica	A12 A13 A20 A24 A32 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Avaliación dunha serie de probas obxectivas do contido eminentemente práctico da materia.	30

Observacións avaliación

Segundo a participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opcións:

Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase, a avaliación considera 3 partes: a) Traballos tutelados, b) Proba práctica e c) Proba obxectiva. Entenderase que o alumno opta pola opción A, ao asistir ás titorías ou ao facer algunhas das prácticas ou traballos propostos na clase. 1ª Oportunidade. A cualificación final da materia obterase da ponderación das 3 partes xa mentadas: proba obxectiva (30%), proba práctica (30%) e traballos tutelados (40%). Aquelas partes que teñan unha cualificación inferior a 3,5 puntos deberán ser repetidas en xullo (2ª oportunidade) independentemente da media obtida. Terán a cualificación de Non presentado os alumnos que non fagan todas as probas: práctica e obxectiva. 2ª Oportunidade. O alumno quedará liberado das partes xa superadas na 1ª oportunidade, só terá que repetir as partes indicadas polo profesor no seu momento. Terán a cualificación de Non presentado os alumnos que non fagan todas as partes pendentes. Opción B. Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "NORMA QUE REGULA Ou RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO DÚAS ESTUDANTES DE GRAO NA UDC (Arts. 2.3; 3. b e 4.5) (29/5/212): un exame escrito sobre os contidos da materia (100%). O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia poderá tamén optar á opción A. Só Grao presencial.

Fontes de información

Bibliografía básica	Prieto, A.; LLoris, A.; Torres, J.C. Introducción a la informática. Ed. McGraw-Hill Interamericana de España. Rigollet, Pierre. Word 2013. Ed. ENI Recursos web: Deseño de materiais multimedia. Web 2.0: http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/107/cd/index.htm Videotutoriais Photoshop: https://helpx.adobe.com/photoshop/tutorials.html Titorial Da Vinci Resolve: https://documents.blackmagicdesign.com/es/UserManuals/DaVinci-Resolve-15-Definitive-Guide.pdf Titorial Audacity: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipnumero2tui/system/files/Audacity.pdf
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	Beekman, G. Introduccion a la informática. Editorial: Pearson Educación. Mediaactive. Aprender Word 2013 con 100 ejercicios prácticos. Ed. MARCOMBO, S.A. Delgado, José María. Photoshop CS6. Ed. Anaya Multimedia. Gil Castro, V.; Rosas Armenta, V.; Olmeda Quiroz, M. Fundamentos de las tecnologías de Información: viviendo en una sociedad tecnológica. Volumen I y Volumen II. Editorial/ISBN: Ed. Digital del Tecnológico de Monterrey. Cobo Román, C.; Pardo Kuklinski, H. Planeta Web 2.0. Inteligencia colectiva o medios fast food. 2007. http://www.planetaweb2.net/ Blood, R. Universo del weblog. Consejos prácticos para crear y mantener su blog, Gestión2000, Barcelona, 2005. Suárez Sánchez-Ocaña, A. La Web 2.0 ...y la madre que la parió! Sinopsis e descarga. Levine, R., Locke, C., Searls D., Weinberger D. The Cluetrain Manifesto http://www.cluetrain.com/book/index.html Recursos web: Guía de Powerpoint 2010: http://www.aulaalic.es/powerpoint-2010/index.htm Guía para encuadre fotográfico: https://www.dzoom.org.es/encuadre-fotografia/
------------------------------------	--

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías